



A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, como participante da Campaña de verán 2023, no programa de **intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas**, infórmate sobre a túa incorporación:

ACTIVIDADE

Colonia de rock. Comunidade Autónoma do País Vasco (Álava)

Datas: do **1 ao 12 de xullo de 2023**

Instalación: **Albergue Catedral de Vitoria-Gasteiz.** Rúa Cuchillería, 87- 01001 Vitoria-Gasteiz

Teléfono: 945 275 955

Actividades e obradoiros na sala de concertos **Hell Dorado ou nos locais de ensaio de Vitoriabidea**

SAÍDA

DATA: **1 de xullo de 2023**

HORA: **09:00 horas**

LUGAR DE SAÍDA: **Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia** (Entrada Principal) R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro 15703 Santiago de Compostela

REGRESO

DATA: **12 de xullo de 2023**

HORA DE SAÍDA: **Despois do almuerzo** (a hora aproximada de chegada será comunicada telefonicamente polas persoas participantes)

NOTAS:

1. Podes levar comida para a viaxe de ida.
2. As persoas participantes nesta actividade irán acompañados dun monitor da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
3. A equipaxe ten que ser moderada. A capacidade do autobús é limitada e, polo tanto, o exceso de equipaxe quedará en terra.
4. No caso de non ter entregado o modelo de **autorización para facer fotografías** durante o desenvolvemento dos campamentos, asinada polos teus pais ou titores, poderás facelo o día da saída. Tamén deberás entregar a **autorización para a túa recollida** (só no caso de que non sexan os teus pais ou titores os que te recollan á volta). Estas autorizacións debes entregarllas ao monitor acompañante cando te incorpores ao autobús.
5. **Equipamento e documentación.** Comproba as indicacións da **Información xeral Gazterock.** Lembra que **podes levar o teu propio instrumento musical (excepto batería).**

COMUNICACIÓN (importante)

Se levas teléfono móbil, lembra que, debido a situación das instalacións, pode haber dificultades de cobertura. Na instalación determinaranse as horas concretas para a comunicación telefónica. **Non chamar directamente a instalación salvo en caso de urxencia.**



▶ ARABAKO FORU ALDUNDIA
▶ DIPUTACIÓN FORAL DE ÁLAVA



Gazterock 2023

Esta colonia está pensada preferiblemente para xente á que lle guste a música e que teña inquietudes musicais, de produción musical (son, vídeo e iluminación), formación musical, que saiba tocar algún instrumento ou cante, que toque nalgún grupo de música ou para quen lle gustaría formar un.

É unha actividade de rock para xente que viva a música; se é a túa paixón, xa sabes que facer...
Trae o teu instrumento!!!

Instalación e entorno

O aloxamento e a manutención serán no albergue catedral de **Vitoria-Gasteiz** (<http://www.alberguecatedral.com/>) mentres que a gran parte das actividades e obradoiros faranse na sala de concertos Hell Dorado.

<http://www.helldorado.net/>

Descrición da actividade

É unha colonia que xira arredor da música rock. Vitoria-Gasteiz é unha cidade que sempre tivo cultura musical e cuxa presenza e imaxe de cidade rock a nivel estatal e internacional é importante polo xurdimento de bandas locais e de festivais musicais importantes. Nesta colonia participarán rapaces e rapazas aos que lles apeteza coñecer os segredos do arte sonoro.

A meirande parte das actividades e obradoiros desenvolveranse na sala de concertos Hell Dorado. Falarase da historia do rock e dos seus distintos estilos, do seu contexto e relación con outros movementos sociais, de soportes musicais e de estética. Haberá obradoiros de historia do rock, produción musical, de merchandising e imaxe rock, de vídeo (gravarase un corto) de fotografía dixital, expresión artística, combos e ensaios, concertos, etc. Excursións á costa e piscinas.

NOTA: para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

Equipo persoal

Documentación

- DNI
- Tarxeta sanitaria
- **Certificado ou informe médico obrigatorio en casos de dietas especiais, medicación ou enfermidades.**

Roupa

- Calzado adecuado, cómodo (zapatillas de deporte e recambio)
- Roupa cómoda e vella (que se poida ensuciar), vaqueiros, chándal, camisetas, pantalóns curtos e longos, suadoiros, xerseis, algo de roupa de abrigo e para a chuva. Todos os accesorios e roupa de rock que queiran levar.
- Traxe de baño, toalla (de piscina ou praia), crema solar, chancletas.
- Toallas de baño, mudas, roupas de durmir e útiles de aseo persoal

Equipo

- Instrumentos que saiban tocar
- Lanterna
- Mochila pequena para excursións